

porcina de produción de tipo mixto sita en San Fiz-Ribeiro (Bande). Cumprindo o disposto polo Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante este paso -que empezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG- poidan examinar o expediente na secretaría deste concello, as persoas que dalgún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se coiden oportunas.

Bande, 11 de xuño de 2009.

José Antonio Armada Pérez
Alcalde

CONCELLO DO BOLO

Anuncio.

O Pleno do concello do Bolo, na súa sesión de 9-6-2009, aprobou inicialmente a delimitación do núcleo rural do Bolo. De conformidade co disposto na DA II da Lei 9/2002, do 30 de decembro, expónse ao público durante o prazo dun mes desde a publicación do correspondente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, prazo durante o cal os interesados poderán examinalo nas oficinas municipais e presentar, se é o caso, as reclamacións, reparos ou observacións que consideren oportunas.

O Bolo, 10 de xuño de 2009.

Manuel Corzo Macías
Alcalde-presidente

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio.

Na sección de licenzas da Área de Urbanismo da Coruña estase a tramitar expediente de concesión de licenza de apertura para a seguinte

Actividade: taller reparación de pneumáticos.

Situación: rúa Vicente Aleixandre 20, PBJ D.

Solicitante: *Calle Boxes, S.L.U.*

Expediente: 544/180/2009.

En cumprimento do determinado no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, sobre avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública durante un prazo de vinte (20) días.

A Coruña, 8 de abril de 2009.

Alfredo Cerezales Fernández
Director da Área de Urbanismo

CONCELLO DE CULLEREDO

Edicto.

Fergo Galicia, S.A., solicitou unha licenza municipal para a instalación e apertura dun taller mecánico na rúa H (parcelas H35 e H37) do polígono industrial de Alvedro na parroquia de Almeiras. O expediente sométese á información pública durante un prazo de 20 días, segundo o que establece o artigo 8.3º do decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, co fin de que os afectados pola actividade que se pretende instalar poidan examinalo na Secretaría do Concello e formular, por escrito, as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

P.D. (Resolución do 2-7-2007,
BOP nº 176, do 1 de agosto)
Ricardo Seoane Candamio
Concelleiro de Urbanismo

Edicto.

Unión Fenosa Distribución, S.A., solicitou unha licenza municipal para a instalación e apertura dun almacén de material eléctrico na rúa H (parcela 19, 21, 23, 25, 27 e 29) do polígono industrial de Alvedro na parroquia de Almeiras. O expediente sométese a información pública durante un prazo de 20 días, segundo o que establece o artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, co fin de que os afectados pola actividade que se pretende instalar poidan examinalo na Secretaría do concello e formular, por escrito, as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

Culleredo, 19 de maio de 2009.

P.D.(Resolución 2-7-2007,
BOP nº 176, do 1 de agosto)
Ricardo Seoane Candamio
Concelleiro de Urbanismo

CONCELLO DA ILLA DE AROUSA

Anuncio.

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión do día 20 de maio de 2009, acordou aprobar a convocatoria e as bases reguladoras para a cobertura das prazas vacantes que se sinalan a continuación, incluídas na oferta de emprego público para o ano 2008, aprobada pola Resolución da Alcaldía do 25 de novembro de 2008 e publicada no BOP de Pontevedra nº 246, do 19 de decembro:

Persoal funcionario.

Grupo segundo o artigo 76 e disposición transitoria terceira da Ley 7/2007, do 12 de abril: C2.

Clasificación: escala de Administración xeral, subescala auxiliar.

Denominación: auxiliar de biblioteca.

Número de vacantes: unha (1).

Forma de provisión: concurso-oposición libre.

Persoal laboral.

Grupo segundo o convenio colectivo: agrupación de profesionais (anterior grupo E).

Categoría: persoal de oficios.

Denominación: operario de servizos múltiples.

Número de vacantes: dúas (2)

Forma de provisión: oposición libre.

Deste modo establécese un prazo de vinte días naturais para la presentación de instancias, prazo que comenzará a contar desde a inserción do anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

As bases atopanse publicadas no BOP de Pontevedra nº 112, do 15 de xuño de 2009.

A Illa de Arousa, 15 de xuño de 2009.

José Manuel Vázquez Vázquez
Alcalde

CONCELLO DE RODEIRO

Edicto.

María Pilar Méndez Vázquez solicitou nesta alcaldía licenza municipal para ampliación de cebadeiro de porcino que se vai situar en Ourín-San Martiño de Asperelo-Rodeiro (Pontevedra). Cumprindo o disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, que regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública polo período de vinte días hábiles co fin de que durante este -que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG, poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

Rodeiro, 8 de xuño de 2009.

Manuel N. Salgado González
Alcalde

CONCELLO DE VIGO

Anuncio para a contratación, por concurso aberto, de subministración e instalación de mobiliario no auditorio municipal deste concello.

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Concello de Vigo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Animación Sociocultural.

c) Número de expediente: 2996-335.

2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: subministración e instalación de mobiliario no auditorio municipal do Concello de Vigo.

b) Lugar de execución: Vigo.

c) Prazo de execución ou data límite de entrega: trinta (30) días.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

4. Orzamento base de licitación. Importe total. (euros) 148.886 euros

5. Garantía provisional: non.

6. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: oficina de información xeral do Concello de Vigo.

b) Enderezo: praza do Rei, 2.

c) Localidade e código postal: Vigo 36202.

d) Teléfono: 986 81 02 98.

e) Telefax: 986 22 62 06.

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista:

a) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: a exixida nos puntos 13 e 14 da folla de especificación do contrato.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: quince (15) días seguintes ao último anuncio de licitación que se publicará no BOP de Pontevedra e no DOG.

b) Documentación que hai que presentar: a exixida na cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas particulares e no punto 15 da folla de especificación do contrato.

c) Lugar de presentación:

1. Entidade: rexistro xeral do Concello de Vigo.

2. Enderezo: praza do Rei, 2.

3. Localidade e código postal: Vigo 36202.